

[twitter.com/
udc_gal](https://twitter.com/udc_gal)

[facebook.com/
udc.gal](https://facebook.com/udc.gal)

**Benvida, benvido
á túa universidade.
Unha universidade
moderna, innovadora
e de calidade.**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Universidade
da Coruña
2021-2022.**

**Toda a información
de utilidade para
coñecer a túa
universidade.**



**Guía interactiva
mediante as ligazóns **

03
A Universidade da Coruña

Órganos de goberno

04-05
Estrutura e organización do ensino universitario

06
Dereitos e deberes do estudantado

07
Programas de intercambio universitario

08
Internacionalízate

09
Formación complementaria

10
Actividades culturais, deportivas e de cooperación

11
Información, asesoramento e axuda

12
Premios, bolsas e axudas

13
Bibliotecas e aulas de estudo

14
Aloxamento, comedores e transporte

15
Tecnoloxías da información e das comunicacións

16
Seguro escolar

Calendario académico 2021/2022



A miña máis agarimosa benvida á túa universidade.

Julio Abalde Alonso, reitor

Quer no campus da Coruña, quer no de Ferrol, vas pasar entre nós uns anos de formación académica, científica e técnica que, moi probablemente, serán determinantes no teu futuro persoal e profesional.

Benvido, benvida!

Nesta Guía do estudantado intentamos recoller toda a información que necesitas para coñecer como é e como funciona a túa universidade. Información sobre as titulacións e sobre a súa estrutura académica ou orientada á investigación.

E tamén información precisa sobre os teus dereitos e as túas obrigas; sobre bolsas, programas de intercambio, actividades culturais, deportivas e iniciativas de cooperación; sobre asesoramento, etc.

Agora formas parte dunha universidade nova, moderna e dinámica, que con pouco máis dun cuarto de século de vida foi quen de se configurar cun sólido perfil de calidade, innovación e vinculación co seu contorno social, cultural e económico. Contigo estamos outros 19.000 estudantes máis, preto de 1.500 profesores e profesoras e 750 traballadores e traballadoras de administración e servizos.

Agardo que esta guía sirva para facilitar a túa integración e para que poidas aproveitar mellor os moitos servizos que a Universidade da Coruña pon ao teu dispor. Estamos para che axudar e para te acompañar na túa andaina universitaria. Benvida, benvido, pois, á túa universidade.

A Universidade da Coruña creouse por lei o 20 de xullo de 1989.

Como servizo público, a Universidade da Coruña está aberta á sociedade e debe, en todo momento, buscar o proveito da cidadanía.

A súa implantación física nas cidades da Coruña e Ferrol xera unha necesidade de interrelación sociedade-universidade que na práctica esixe unha convivencia e unha colaboración mutua no desenvolvemento de ambas as realidades.

Órganos de goberno



Os nosos fins prioritarios son impartir o ensino preciso para a formación do estudiantado, así como para a formación do persoal propio e do profesorado de todos os niveis de ensino, ademais de fomentar a investigación e difundir a cultura.

Nun marco territorial máis amplo, como parte do sistema universitario galego, a Universidade da Coruña mantén os vínculos máis estreitos co conxunto da sociedade galega, en que está inmersa, e a que a une o compromiso específico de desenvolver a súa identidade cultural.

A Universidade da Coruña está na natureza, no mar e ao mesmo tempo na cidade; no centro dela estás ti.



2 campus

Campus da Coruña 
+
Campus de Ferrol 

Centros

Facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores, escolas universitarias e escolas universitarias politécnicas

Departamentos

Os centros están integrados por departamentos.



Os estudos universitarios configúranse en tres ciclos: grao, máster e doutoramento.

O espazo europeo de educación superior é un sistema comparable de titulacións entre os países adheridos.

+ Normativa dos estudos de grao, mestrado e doutoramento



Grao +
Formación xeral
240* créditos ECTS
(4 cursos x 60 créditos)
*A duración poderá ser superior, por exemplo Estudos de Arquitectura: 300 créditos.



Másteres +
Formación especializada
60-120 créditos ECTS
(1 ou 2 cursos)



Doutoramento +
Orientado á investigación e á realización da tese de doutoramento.



Escola Internacional de Doutoramento

A Universidade da Coruña organiza estudos de posgrao propios en solitario ou en colaboración con outras institucións.


Os devanditos estudos conducen á obtención de títulos e diplomas exclusivos desta universidade e que non teñen carácter oficial.



Programa Espazo Compartido

É un título propio que pretende a formación en habilidades persoais, sociais e competencias básicas, para a empregabilidade e o fomento da inclusión laboral de mozas con discapacidade cognitiva. O principal obxectivo é promover a inclusión universitaria e o futuro acceso laboral para estas persoas.

Os estudos de posgrao propios son de tres tipos: másteres, cursos de especialización e cursos de formación específica de posgrao.

Ao comezo de cada curso a UDC informa da súa oferta de estudos propios de posgrao. 

Os dous primeiros, pola carga lectiva, a duración e as características con que contan, conducen á obtención de títulos propios de posgrao. Os últimos, cunha menor carga lectiva e uns requirimentos de acceso máis flexibles, están orientados á formación continua ou á especialización en temas moi específicos, e acreditanse mediante un diploma universitario.

Os mestrados e os cursos de especialización ofertan bolsas de matrícula cuxo número e cuxa contía varían segundo o título.

Dereitos e deberes do estudiantado.

Valedora Universitaria ⊕

É o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e as liberdades do estudiantado.

Oficina de Igualdade ⊕

O seu obxectivo é eliminar calquera mostra de discriminación de xénero dentro da comunidade universitaria.

O Estatuto do estudante ⊕ universitario, aprobado por Real decreto, é o documento legal en que se recoñecen os dereitos e deberes do estudiantado das universidades públicas e privadas españolas, e por medio do cal se crea o Consello de Estudiantes Universitario do Estado.

O Estatuto do Estudiantado da Universidade da Coruña pretende suplir as lagoas normativas do catálogo básico de dereitos e deberes mencionado. O seu obxectivo prioritario é dotar o noso estudiantado dunha verdadeira carta de dereitos e deberes en que se determinen os límites e garantías destes.

Intercambio universitario.

A oportunidade de realizar parte dos teus estudos noutras institucións españolas ou internacionais.

A Universidade da Coruña tenta que os beneficios destes programas recaian sobre o maior número posible de alumnos e alumnas, considerando sempre como a súa primeira meta a calidade da mobilidade.

Oficina de Relacións Internacionais ORI

Informa, coordina e asesora sobre os diferentes proxectos e programas de intercambio de interese, europeos, iberoamericanos ou doutros ámbitos.

Prepara os convenios de relacións internacionais desta universidade e fai o seu seguimento.

Actualidade da ORI

Up-to-date



Erasmus

Permite a mobilidade internacional. Existen dúas modalidades:

1 Erasmus con fins de estudo: Para realizar parte dos teus estudos noutra universidade ou institución coa cal exista un acordo Erasmus.

A convocatoria publícase anualmente.

2 Erasmus prácticas:

Para o alumnado que aínda non rematou os seus estudos ou que se acaba de titular. Debe solicitarse durante o último ano de estudo, coa finalidade de realizar a mobilidade no curso seguinte.

A convocatoria publícase anualmente.

Intercambio bilateral

Estadías con fins de estudo en calquera universidade do mundo con que exista un convenio de intercambio bilateral, fóra especificamente do programa Erasmus.

A Universidade da Coruña conta con bolsas propias para o estudiantado de intercambio bilateral. O criterio principal de selección das persoas bolseiras é o expediente académico. As bolsas que outros organismos públicos e privados poden ofrecer para o estudiantado de intercambio bilateral acostuman ser incompatibles coas bolsas propias desta universidade.

A convocatoria publícase anualmente.

Sicue

Programa de intercambio de estudiantado entre os centros universitarios españois. As universidades adoitan publicar a convocatoria aproximadamente entre finais de xaneiro e mediados de febreiro do ano en curso.

Información e solicitude

Graos con itinerario bilingüe +

Con estas titulacións a UDC impulsa a incorporación de docencia en inglés en diferentes titulacións, que amplía non só a capacitación lingüística dos titulados, senon tamén as súas posibilidades de acceder ao mercado laboral, tanto nacional como internacional.

Estes itinerarios bilingües ofrécenlles ao estudantado a oportunidade de estudar en inglés unha parte importante das materias das súas titulacións e/o realizar unha mobilidade a unha universidade estranxeira onde poder continuar a aprendizaxe de idiomas.

Graos e Mestrados internacionais dobres ou conxuntas +

Para que o estudantado adquiera as habilidades necesarias que lle permitirán mellorar as oportunidades de desenvolvemento profesional no actual contexto globalizado.

Bolsas para impulsar o plurilingüismo +

A realidade en que estamos inmersos impulsa a aprendizaxe multilingüe co obxecto de favorecer o desenvolvemento global e multicultural da sociedade, así como de concienciar da necesidade de colaboración e solidariedade entre os pobos. O coñecemento dun idioma distinto ao propio contribúe de forma esencial á formación integral do estudantado universitario e leva aparelado un descubrimento cultural que favorece a apreciación de valores distintos.

International Summer School +

Cursos intensivos de dúas semanas impartidos en inglés por profesores universitarios de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos de investigación. Son cursos de 4,5 créditos ECTS, que poderán ser validados nas titulacións oficiais en graos ou mestrados da Universidade da Coruña.



Inter nacional lízate

Formación complementaria.

Centro de Linguas

Organiza cursos de inglés, francés, alemán, italiano e portugués que serven para consolidar ou mellorar os teus coñecementos en linguas. Os cursos están organizados segundo os niveis do Marco Común Europeo das linguas. A maioría dos cursos son de 60 ou de 45 h dependendo dos niveis ou das linguas. Alén diso, ofrecemos cursos de español dirixidos ao estudiantado de mobilidade internacional. No Centro de Linguas tamén poderás obter acreditacións oficiais en inglés (ACLES, IELTS e APTIS)

Oficina de Cursos e Congresos **OCC**


Xestiona toda a información sobre os cursos de verán, os congresos, os simposios, as xornadas e as conferencias que se organizan na Universidade da Coruña.

Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa **CUFIE**

Organiza cursos e obradoiros que teñen como finalidade proporcionar os recursos necesarios para afrontar en mellores condicións os retos do ensino universitario. Entre outros, atoparás aquí cursos sobre técnicas de relaxación e saúde, traballo en equipo e dinámicas de grupo, habilidades sociais, servizos da Universidade da Coruña, cuestións xurídico-administrativas, xestión eficaz do tempo, técnicas de exposición oral, técnicas de traballo e estudo, realización de traballos de investigación, utilización da Internet como apoio para a formación, etc. Normalmente desenvólvense entre os meses de outubro e maio.



Tes múltiples posibilidades para complementar a túa formación académica mediante cursos e actividades.

Os cursos impartidos polo Centro de Linguas, o CUFIE e a OCC poderán ser recoñecidos nos graos como créditos por participación en actividades universitarias conforme ao [acordo do Consello de Goberno do 17/07/2012, modificado o 21/07/2016 e resolución reitoral do 23/12/2020.](#) 

Deportes

Convivencia e exercicio físico, individual ou como participe das ligas internas e en competicións de alto nivel, é o binomio que a Universidade da Coruña propón desde a súa Área de Deportes como vía para a interrelación do estudiantado e a súa implicación e integración na comunidade universitaria. A subscripción ao Abono Deporte permite, ademais, o acceso gratuito ás instalacións, así como importantes descontos nas actividades deportivas.

Abono Deporte +

Oferta deportiva +

Actividades culturais, deportivas e de cooperación.

A educación vai máis aló das aulas e os laboratorios.

As actividades impartidas polas áreas de Cultura e Deportes, a OCV, o CEIDA e a OMA poderán obter un recoñecemento académico. +

Cultura

A Universidade da Coruña aposta por estender a cultura dentro e fóra do seu seo, implicarse na vida cidadá e intervir de xeito expansivo no enriquecemento cultural da sociedade. No campus da Coruña as accións encamiñadas a acadar este reto concéntranse a través da NORMAL, un espazo de intervención cultural e un laboratorio experimental de procesos artísticos vinculados á contemporaneidade.

No Campus de Ferrol encóntrase o Centro Cultural Universitario de Esteiro

Oferta cultural +

Cooperación e voluntariado

A Oficina Cooperación e Voluntariado (OCV) + é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da UDC. Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC. Asímesmo, ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

Medio ambiente

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) + encárgase da xestión ambiental, sensibilización e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade. Promove accións como o préstamo de bicicletas para unha mobilidade sustentábel, proxecto Sostauga e compostaxe para xestión do recurso hídrico e residuos orgánicos.

Súmase ao programa internacional Green Campus e desenvolve o proxecto do Monte da Fraga para a conservación da biodiversidade.

CEIDA, Centro de Referencia para a Educación Ambiental en Galicia

+ O CEIDA ten como misión dar a coñecer o noso patrimonio natural, histórico e cultural. É ademais un lugar de encontro e de reflexión sobre os problemas ambientais por medio de cursos, xornadas, conferencias, obradoiros, programas de educación ambiental e seminarios, sen esquecer o labor de divulgación ambiental que se realiza desde o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, que forma parte do CEIDA. A situación ambiental analízase nas súas variadas facetas nas áreas de traballo do CEIDA, como Conservación, Medio Mariño, Cambio Climático, Forestal, Municipal ou Cooperación, desde as cales se contribúe a espertar a conciencia individual e colectiva da necesidade de cambio de actitudes cara ao medio ambiente.

Información, asesoramento e axuda.

Atendemos as necesidades que che poidan xurdir no teu paso pola universidade.



+ Sape, o servizo de referencia.

O Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudantado (SAPE), ofrece información sobre un amplo abanico de aspectos da vida universitaria: acceso aos estudos universitarios das titulacións de grao; normativa académica; bolsas, axudas e premios do plan propio da UDC; dereitos dos estudantes e como exercelos; asociacionismo; seguros do estudantado; aloxamento; transporte; programas de mobilidade estudiantil, etc.

Así mesmo, a Unidade de Emprego ⁺ pode asesorarte, tanto se aínda estas estudando como se te acabas de titular, en materia de orientación laboral e emprendemento e en relación a prácticas académicas externas.


+ UDC Saudable



A súa función é a de participar na coordinación e realización de diferentes actuacións de vida saudable na comunidade universitaria con proxección social: alimentación saudable e sostible, benestar bio-psico-social, orientación pedagóxica, saúde sexual, adicións con e sen substancia, hábitos, rutinas e estilos de vida saudable, asesoría a estudantes con TDAH, rutinas cotiás, lecer e tempo libre, sono e descanso, xestión do tempo como determinante de saúde, inclusión saudable das persoas co diversidade, fragilidade nas persoas (infancia, maiores, enfermidades), entre outros aspectos; en sintonía colaborativa transversal co desenvolvemento sostible na UDC.

Diferentes servizos para atender situacións que precisan dunha atención diferenciada.

Nos centros tamén contas coa información e o apoio dunha titora ou titor.



A Unidade de Atención á Diversidade ADI +

O seu cometido é facilitar e promover a plena integración do alumnado que presente algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial. A UDC reserva o 5 % das prazas en cada titulación para estudantes que teñan certificada unha discapacidade.

Plan de acción tutorial PAT +

Desde que comezas os estudos podes contar cunha persoa de referencia (titor/a e, nalgúns centros, tamén alumno/a mentor/a) que ten como misión informarte, apoiarte e orientarte en distintos ámbitos: académico, administrativo, profesional, persoal e social. Na web da túa escola ou facultade atoparás máis información sobre o PAT da túa titulación

Observatorio Ocupacional +

Non só temos a misión de formarte, senón tamén de garantir a túa empregabilidade. Nesta unidade de estudos económicos e estatísticos analízase a inserción laboral dos graduados universitarios fundamentalmente a través do seguimento dos titulados e da análise das súas competencias profesionais.

Viveiro de Empresas Innovadoras +

A UDC pon a disposición dos membros da comunidade universitaria, que teñan unha idea empresarial innovadora, un espazo para que poidan desenvolver o seu proxecto empresarial e facilitar a súa entrada no mercado. O Viveiro está situado no Campus de Elviña, no Edificio de Servizos Centrais de Investigación e dispón de seis locais equipados con mobiliario, acceso a rede, ademais de salas de reunións e outros servizos comúns.

Servizo de Normalización Lingüística SNL +

Ofrece asesoramento (resolución de dúbidas lingüísticas, revisión de textos, información sobre dereitos lingüísticos e sobre actividades de promoción do galego, etc.) e cursos de formación en lingua galega, ademais de organizar diferentes actividades de promoción de uso do galego entre o profesorado, o estudante e o persoal de administración e servizos.

Entre elas, convoca anualmente axudas para a realización en galego de traballos de investigación (teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos de fin de carreira).

Premios, bolsas e axudas.

Ofrecemos todas as bolsas e axudas posibles para que estudar non sexa un problema.

⊕ Bolsas propias da Universidade da Coruña

⊕ Bolsas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

⊕ Bolsas do Ministerio de Educación e Formación Profesional



Bolsas, axudas e premios propios da Universidade da Coruña.

⊕ As convocatorias publícanse ao longo de todo o ano e abranguen diversos ámbitos de actuación: premios á excelencia académica no bacharelato e nos ciclos formativos de grao superior; axudas para estudantes gañadores de olimpíadas científicas; bolsas para estudos de mestrado e formación complementaria; situacións de dificultade económica; axudas para estudantado con necesidades educativas especiais, aloxamento e transporte urbano; mobilidade e actividades prácticas; asistencia a xornadas, cursos e congresos; actividades de divulgación científica; estadias predoutorais, etc.



Aulas de estudo.

A Universidade da Coruña conta cun total de 1.546 postos de estudo. Os horarios das aulas de estudo varían ao longo do curso para se adaptaren ás necesidades do estudiantado. Existe un horario ampliado nos períodos de preparación dos exames oficiais.

Na Coruña, atoparalos no Centro Universitario de Riazor (CUR), cunha capacidade de 444 postos repartidos en dúas aulas; e no Edificio Xoana Capdevielle (campus de Elviña), cuxa aula de estudo ten unha capacidade de 678 postos.

En Ferrol, as aulas de estudo, que son dúas e suman 424 prazas en total, están no Edificio de Apoio ao Estudo.

[Máis información](#) 

Bibliotecas.

[Catálogo](#) 

[Servizos](#) 

O Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña xestiona máis dun millón de títulos impresos e dixitais e da acceso a 59 bases de datos que dan soporte ao estudo, á docencia e á investigación. Consta da Biblioteca Central e de 16 unidades repartidas polos Campus da Coruña e Ferrol cun total de 3.473 postos de lectura. Presta os servizos de consulta e estudo individual e en grupo, préstamo, buscas bibliográficas, formación, apoio á investigación e actividades culturais

Aloxamento, comedores e transporte.



Aloxamento

Axudas da Universidade da Coruña. A convocatoria **+** publícase ao inicio do curso académico.

+ Residencias Públicas Universitarias

A Residencia de Estudantes Elvira Bao para alumnos e alumnas do campus da Coruña e a Residencia Universitaria no campus de Ferrol están en zonas moi céntricas e dispoñen de todo os servizos. Nelas poderás descubrir outra faceta da vida universitaria.

+ Outras residencias



Comedores

No campus da Coruña existe servizo de comedor con prezos reducidos en todas as facultades e escolas. Ademais, no comedor da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica as persoas alérxicas ao glute teñen un menú adaptado á súa dieta.

No campus de Ferrol hai un comedor común a todos os centros no Centro Cultural Universitario.



Transporte

A Universidade da Coruña convoca **axudas para o transporte urbano** **+** na cidade da Coruña e para as áreas de transporte metropolitano da Coruña e Ferrol destinadas ao alumnado matriculado nunha titulación oficial. Na Coruña, en colaboración coa **Compañía de Tranvías**, **+** a nosa universidade estableceu un servizo especial de autobuses urbanos que achegan o estudiantado aos diferentes campus.

+ Nesta ligazón tes toda a información sobre o acceso aos distintos centros da UDC, tanto na Coruña como en Ferrol. Poderás descargar os puntos de interese para o teu navegador GPS e informarte de como chegar e tamén as opción para os desprazamentos intercampus.



Se tes dificultades para desprazarte, ofrecémosche a posibilidade de utilizar un transporte adaptado

En Ferrol hai varias compañías de autobuses con rutas que unen os diferentes puntos do concello entre si e cos concellos limítrofes. Na **páxina web do Concello de Ferrol** **+** pódense atopar as liñas e os horarios.

O Concello de Narón convoca axudas para a bonobus universitario ao Campus da Coruña.

Campus Virtual

⊕ O **campus virtual** facilita e incrementa a comunicación entre os e as docentes e o alumnado. Constitúe un instrumento básico de apoio ao ensino presencial.

Non só che permitirá obter materiais actualizados ou contactar con esa profesora ou ese profesor, senón que che será posible preparar

por anticipado as aulas presenciais, compartir e debater co resto do grupo e dispor de exercidos de avaliación. De feito, moitas das materias que se cursan na nosa universidade xa empregan esta potente ferramenta.



Tecnoloxías da información e as comunicacións.

Secretaría virtual

A **secretaría virtual** ⊕ facilítache o acceso ao teu expediente académico e aos datos persoais teus de que dispón a Universidade da Coruña.

Durante o período de matrícula, podes utilizala para levar a cabo a automatrícula.

Servizos TIC

Terás que rexistrarte na **páxina de activación de servizos** ⊕ para poder usar os servizos TIC a que che dará acceso a Universidade da Coruña:

- **Webmail** ⊕
- **Acceso á rede wifi** ⊕
- **Wiki corporativa** ⊕
- **Web corporativa** ⊕
- **Tarxeta universitaria de identificación** ⊕
- **Solicitud de axudas e bolsas propias** ⊕
- **Puntos de información** ⊕
- **Avaliación docente** ⊕
- **Licenza de campus de software** ⊕
- **Catálogo da biblioteca** ⊕
- **Repositorio** ⊕
- **Acceso ás AulasNET**
- **Cualificacións por SMS**

O alumnado novo, no momento de formalizar a matrícula, recibe un código que deberá introducir na páxina de activación dos servizos. Logo seguirá os pasos da ligazón “Novo membro da UDC”.

O resto do alumnado ten que seguir os pasos da ligazón “Usuario existente”

Tarxeta Universitaria de Identificación

A **tarxeta universitaria de identificación** ⊕ é unha tarxeta intelixente virtual, incrustada na aplicación móbil da UDC que te ⊕ acredita como membro da comunidade universitaria. Tramítase en liña. ⊕


Velaquí algunhas das súas utilidades:

- Emprégase como carné universitario.
- Conseguirás descontos nalgúns comercios.
- Accederás ao préstamo bibliotecario.
- Servirache para utilizar algunhas instalacións universitarias restrinxidas (por exemplo, deportivas) e aulas de estudo.”

Seguro escolar

Ao matricularse nunha titulación oficial da Universidade da Coruña, o estudantado pode contar coa prestación dos seguintes seguros de asistencia:

- O seguro escolar obrigatorio, que se paga coa matrícula, para o alumnado menor de 28 anos.
- O seguro Cum Laude (Hac Luce Accidentes), obrigatorio para para maiores de 28 anos e para o alumnado que realiza prácticas académicas externas, actividades deportivas, culturais e sociais etc e voluntario para o resto de alumnado
- O seguro Hac Luce Mobilidade, para o alumnado que viaxa ao estranxeiro mediante un programa de intercambio internacional.
- O seguro Hac Luce Pinchazos, complementario ao seguro Cum Laude para alumnos de Enfermaría e Podoloxía.

[Máis información](#) 

Calendario académico

O curso académico irá do 6 de setembro de 2021 ao 31 de agosto do 2022

[Calendario](#) 



Portal de participación

A universidade que queres será a universidade que queiras.

Existen comunidades gobernadas directamente polos seus participantes, que debaten sobre temas que lles preocupan, propoñen ideas para mellorar as súas vidas e deciden entre todas e todos as que se levan a cabo.

[Máis información](#) 

**Estamos para
che axudar e para
te acompañar na
túa andaina
universitaria.**

**Se aínda tes
algunha dúbida
podes [contactarnos](#) 
ou enviarnos un
[correo](#) **

**Benvida, benvido
á túa universidade.**